

TEMA 6.- A 1ª GUERRA MUNDIAL.

INTRODUCCIÓN: OS PRECEDENTES.

As rivalidades imperialistas e as tensións prebélicas entre as diferentes potencias europeas, **acentuáronse a partir da década de 1880-90**, sobre todo porque as posibilidades de expansión colonial eran moi reducidas ademais da incorporación de novos estados a ese proceso. A **máxima disputa era a rivalidade franco-alemá**, pero había outros conflitos como a **loita polas colonias entre alemán e británicos e as disputas nos Balcáns**.

A Rivalidade Franco-Alemá.- A derrota de Francia en Sedán fronte a Prusia (1870), foi o inicio dunha longa rivalidade entre estos dous países ata a 2ª guerra mundial.

O chanceler alemán Bismarck, baseou toda a súa política **no fortalecemento militar do seu país e na búsqueda de alianzas para contrarrestar o potencial francés**, sobre todo con Austria-Hungría e Italia, e a neutralidade de Rusia; pero a súa caída política en 1890, iniciou un período **dunha política máis agresiva e belixerante por parte de Alemaña, o que condicionou a aproximación de Francia a Rusia (1892), e a Gran Bretaña (1904, 1906)**.

En 1907, se crea a Triple Entente (Francia, Rusia e Gran Bretaña), e Alemaña reforza a súa alianza co Imperio Austro-Húngaro. **Iníciase o chamado período da “paz armada”**.

As Rivalidades Coloniais.- A acelerada carreira colonial producida a partir da Conferencia de Berlín (1885), foi reforzada polas teorías políticas que defendían a superioridade dos máis fortes sobre os máis débiles (a teoría de Darwin), exacerbando as ambicións dos países máis fortes.

Fronte ós grandes imperios francés e británico, outros estados como Italia, Alemaña, EEUU, Xapón, que chegaron tarde o reparto colonial, **queren tamén ampliar os seus dominios, o que provoca roces entre eles en zonas estratéxicas** (Sudán, Marrocos, China, Persia, Caribe...).

Gran Bretaña, pola extensión do seu imperio, foi un dos países que máis conflitos mantivo, sobre todo con Francia e Rusia, **destacando a crise franco-británica de Fashoda (Sudán), en 1898**, que se resolveu co abandono das pretensións francesas. Pouco a pouco foron resolvendo as súas disputas e **acabaron firmando un tratado en 1904 sobre o reparto de territorios no Mediterráneo que deu lugar a unha progresiva colaboración internacional**.

As tensións nos Balcáns.- **As tendencias disgregadoras dos nacionalismos eran cada vez máis evidentes nos grandes imperios multinacionais** como o austro-húngaro, o turco e o ruso. Sobre todo **destacaba o conflito dos eslavos liderados por Serbia co Imperio austriaco**.

AS CAUSAS DA GRAN GUERRA.

O estoupido bélico en 1914, obedece a diversas causas, algunhas remotas (orixinadas nas décadas anteriores) e outras directas (como resultado das anteriores).

- Sistema de alianzas e paz armada: responde a unha **continua carreira de armamentos** por parte das potencias europeas, **que ademais se van agrupando en bloques ou**

- alianzas militares irreconciliables**, o que provoca que un conflito local poida dar lugar a unha guerra global.
- Tensións nacionalistas: hai un **sentimento nacional agresivo imperialista que choca cos lexítimos desexos de independencia das nacionalidades sometidas** dentro deses imperios (tendencias centrífugas ou separatistas).
 - As crises internacionais: surxe unha **conciencia entre a opinión pública e favorecida polos diversos gobernos de que a guerra era inevitable** polas continuas disputas entre potencias (crise de Tánxer, 1905; crise de Bosnia, 1908; crise de Agadir, 1911, e guerras balcánicas, 1912-13).
 - O atentado de Saraxevo: **o 28 de xuño de 1914, o arquiduque Francisco Fernando, herdeiro ó trono do imperio austro-húngaro, e a súa muller, foron asasinados en Bosnia por un estudante nacionalista serbo-bosnio**, pertencente a unha organización patriótica coñecida como a "Man Negra". Este atentado foi considerado polo goberno austriaco como unha declaración de guerra, **o que iniciou a posta en práctica da política das alianzas e a conseguinte declaración de guerra entre as diferentes potencias europeas.**

AS DIFERENTES FASES DO CONFLITO.

O atentado de Saraxevo pon en marcha o mecanismo das alianzas e tras o ultimato de Austria a Serbia, durante un mes **as diferentes potencias decláranse a guerra unhas as outras**, formándose dous bloques de países enfrontados: a Triple Alianza ou Imperios Centrais, formada **por Alemaña, Austria-Hungría e Turquía** (xunto a Bulgaria, 1915), e o Triple Acordo ou Aliados, formado por **Francia, Rusia e Gran Bretaña** (xunto a Serbia, Italia, 1915, Portugal e Romanía, 1916, EEUU e Grecia, 1917).

Só algún Estados mantivéronse neutrais: España, Holanda, Suíza, Albania e os países nórdicos. A intervención de Xapón e EEUU, deulle ó conflito unha dimensión mundial, e **aínda que o escenario principal das fronte de guerra fose Europa**, tamén houbo combates no Próximo Oriente e no Cáucaso.

Na guerra que durou catro anos, pódense distinguir catro fases:

1) Guerra de Movementos (1914).- **O plan inicial alemán consistía en evitar a guerra en dúas fronte**, por iso contando coa lentitude do exército ruso, **organizou unha estratexia ofensiva de ataque rápido na fronte oeste cara Francia**, atravesando Bélxica nos primeiros días de agosto e chegando as portas de París en Setembro.

Os alemáns pensaban conseguir o seu obxectivo dunha guerra rápida, pero foron detidos no Marne, tendo que dar un rodeo e realizar unha manobra envolvente pola costa.

Na fronte oriental os alemáns conseguiron deter os rusos, e nos Balcáns ocuparon Serbia con axuda dos austriacos, pero **o desgaste das tropas en Rusia impediulles conquistar Francia**.

2) Guerra de Posicións (1915-16).- **O fracaso da estratexia alemá na fronte occidental, estabilizou as liñas nos dous exércitos, surxindo as trincheiras, posicións estáticas**, onde houbo que utilizar novas armas e estratexias. **As ofensivas fracasaron** (os alemáns en Verdun, e os franceses e ingleses no Somme), **pero foron as batallas con máis baixas da guerra**.

No mar, **os alemáns ante o bloqueo comercial británico iniciaron a guerra submarina** (batalla de Xutlandia). **Na fronte oriental o fracaso das ofensivas rusas, permitiu ós alemáns e austriacos, ocupar extensas zonas do Imperio ruso e da chaira polaca**, ademáis de Romanía nos Balcáns, estabilizándose nesas zonas as fronte de guerra.

3) A crise de 1917.- É o ano decisivo da guerra, xa que ante o desgaste de ambos contendentes e a escaseza de avances nas fronte de batalla, dous sucesos van a cambiar a evolución das operación bélicas e o resultado final da contenda:

- **A entrada de EEUU na guerra**, en abril de 1917, a favor dos aliados, **polo afundimento dun vapor norteamericano polos alemáns**, empeñados nunha guerra submarina contra os barcos que levaban mercadorías ós aliados, **ademáis de protexer os intereses da banca de EEUU** que lles concederá préstamos a Francia e Gran Bretaña para a guerra.

O apoio de EEUU foi decisivo, tanto desde o punto de vista financeiro como armamentístico e loxístico.

- **A retirada dos rusos da guerra**, tras a Revolución de outubro de 1917, que levou ó poder os bolxeviques. En Marzo de 1918, firmouse **o Tratado de Brest-Litovsk**, que **ademáis de finalizar a guerra para Rusia, supuxo a cesión de importantes territorios a Alemaña** (países bálticos e Polonia), ademáis de recoñecer a independencia de Finlandia e Ucraína.

4) As grandes ofensivas e o fin da guerra (1918).- Os alemáns ó retirarse os rusos, concentran todas as súas forzas na fronte occidental, pero a chegada dos norteamericanos impide o éxito desas ofensivas. **Os aliados inician unha contraofensiva en varias fronte**: Marne (Francia), Veneto (Norte de Italia), Macedonia e Palestina, **que rompe as fronteiras alemás e austriacas entre agosto e setembro**.

En outubro, o Estado Maior Alemán comeza a pensar na rendición e **o 9 de novembro estoupa en Berlín unha revolución que provoca a abdicación de Guillerme II**, e a proclamación da República, **firmando o novo goberno alemán a rendición o 11 de Novembro**.

A GUERRA MODERNA: NOVAS ARMAS E NOVOS MÉTODOS DE GUERRA.

A guerra de 1914 supón **o inicio do que chamamos a guerra moderna**. Fronte as guerras dos séculos anteriores, onde o home e o cabalo eran os protagonistas, **a incorporación dos avances da revolución industrial** á fabricación de armas e a aparición de inventos relacionados coa industria bélica **permitiron obter enormes cantidades de armamento e aumentar a súa capacidade destrutiva** (dinamita, canóns, fusís de repetición, ametralladoras).

O fracaso das ofensivas iniciais da guerra, levou **a novos planteamentos estratéxicos por parte dos Estados maiores dos exércitos**, debido o bloqueo das formacións de ataque que convertían a homes e cabalos en vítimas propiciatorias da artillería, **feito agravado pola incompetencia dos mandos** que seguían utilizando tácticas do s.XIX e enviaban ós seus homes a unha morte segura.

Así **a utilización dunha rede de trincheiras**, con arames e niños de ametralladoras **foi unha alternativa para manter as fronte de guerra posicionais**.

As ofensivas tiñan que vir precedidas dun bombardeo continuo da artillería para debilitar a posición inimiga, **seguido dun asalto das tropas de infantería** (con traxes de camuflaxe e granadas de man). **A utilización de gases asfixiantes desde 1915**, polo desenvolvemento da industria química, **obrigou a utilizar máscaras antigás**.

Os tanques foron empregados desde 1916, buscando anular o sistema de trincheiras, ou como apoio da infantería, sendo decisivos nas ofensivas finais da guerra contra os alemáns.

Houbo tamén **innovacións nas formas de combate aéreo e marítimo**. Así **desenvolveuse a aviación de combate para observar e bombardear zonas inimigas** (as veces obxectivos civís), mentres que **no mar a utilización dos submarinos supuxo un problema para os barcos mercantes que abastecían de alimentos e de materias primas ós países en guerra**.

A prolongación da guerra obrigou ós países belixerantes a mobilizar enormes recursos, imponéndose a chamada **economía de guerra**, na que ó tempo que se fabricaban armas e municións **era preciso atender as necesidades da poboación civil, tendo que controlar e racionar os alimentos**.

A ORGANIZACIÓN DA PAZ E A SOCIEDADE DE NACIÓNS.

A proposta feita polo presidente dos EEUU Wilson en 1918, foi o primeiro intento real de chegar a un acordo para o final da guerra e serviu de base ó remate da mesma para acadar a organización da paz.

O plan norteamericano bautizado como *“os 14 puntos de Wilson”*, pretendía a defensa do liberalismo democrático, a autodeterminación dos pobos, a devolución dos territorios conquistados ós seus antigos estados e a creación dun organismo internacional para asegurar a paz e a seguridade colectiva.

OS TRATADOS DE PAZ (1919-20).

Despois da rendición dos Imperios Centrais, **os aliados vencedores reuníronse en París para fixar as condicións de paz, sen contar coa opinión dos vencidos o que creará futuros resentimentos**, sobre todo por parte de Alemaña que se considerará humillada polo resultado dos tratados de paz.

Os principios básicos da organización da paz foron pois estipulados polos dirixentes das potencias vencedoras, destacando a **postura máis moderada e flexible de Wilson (EEUU) e a máis intransixente e severa de Clemenceau (Francia) e Lloyd George (Gran Bretaña)**.

Wilson propuxo o criterio das nacionalidades para formar os futuros Estados, buscando acabar cos Imperios e crear novas Repúblicas democráticas, ademáis da redución de armamentos; mentres que **franceses e ingleses centráronse na cuestión da responsabilidade de Alemaña e das fortes sancións económicas, militares e territoriais que debían impoñerlle**.

Firmáronse cinco tratados de paz diferentes con cada unha das potencias derrotadas, pero o máis importante foi o **Tratado de Versalles (Xuño de 1919)**, no que se recolle o **Estatuto fundacional da Sociedade de Nacións e as condicións impostas a Alemaña**.

Según este tratado, se aplican tres tipos de cláusulas: territoriais, económicas e militares.

No ámbito territorial, Alemaña debe devolver *Alsacia e Lorena* a Francia, zonas fronterizas a Bélxica e a Dinamarca, e *Prusia Occidental e Silesia* a Polonia, xunto a un corredor no Báltico que divide en dúas partes o novo Estado alemán, ademáis de declarar libres as cidades de *Dantzig e Memel*. Tamén se lle obrigaba a ceder a *rexión mineira do Sarre* por 15 anos a Francia, e a prohibición de unirse a Austria no futuro. Por último as súas colonias pasaban a mans da Sociedade de Nacións administradas polas potencias aliadas vencedoras.

No ámbito económico, o tratado considera responsable exclusivo do inicio do conflito a Alemaña, obrigándolle a pagar os gastos de guerra ós vencedores. Así foi confiscada parte da súa frota mercante, ademáis de renunciar a reparación dos danos de guerra sufridos nos seus bens públicos e privados.

No ámbito militar, para evitar posibles conflitos no futuro, se lle obriga a redución do seu armamento e do seu exército e a suprimir o servizo militar obrigatorio, creándose unha zona desmilitarizada nunha franxa de 50 Km de ancho ó longo do Rin.

Os aliados alemáns tamén sufriron as consecuencias da derrota nos sucesivos tratados de paz, destacando o **Tratado de Saint Germain con Austria (1919)** e o **de Sèvres con Turquía (1920)** que supuxeron o desmembramento do Imperios Austro-Húngaro e Turco e a creación de novos Estados nacionais na Europa central e balcánica (Checoslovaquia, Iugoslavia e Polonia) e Oriente Próximo (Siria, Libano, Irak, Palestina, Armenia, Arabia).

Outros estados que se beneficiaron das transferencias de territorios foron Grecia e Romanía que creceron en prexuízo de Bulgaria (**Tratado de Neuilly, 1919**).

O novo mapa europeo deseñouse pois según o novo principio das nacionalidades, pero a **presenza de importantes minorías en algunha destas zonas** (alemáns nos Sudetes checos e na parte occidental polaca), **ou a falta de precisión nos límites da fronteira polaca, creará novas tensións e conflitos no futuro**.

O resultado dos tratados de paz foi pois incerto e **creou resentimentos e desexos de revancha ós nacionalistas cara ó futuro, sobre todo nos países derrotados e que perden territorios** como Alemaña (humillada pola creación do corredor polaco), **ou os que non reciben os territorios que consideran seus**, como Italia a URSS ou Hungría.

A SOCIEDADE DE NACIÓNS.

Unha das propostas do Tratado de Versalles e do programa de Wilson foi a creación dun organismo internacional **encargado de velar polo mantemento da paz, e da seguridade no mundo**, creándose a Sociedade de Nacións.

Este organismo con sede en Xenebra (Suiza), vai a estar formado por unha Asemblea, con todos os países que o formaban (un voto por país) e un Consello, **formado por 9 membros, cinco permanentes (Gran Bretaña, Italia, Xapón, Francia e China)** e 4 rotativos cada ano, elixidos anualmente pola Asemblea. As decisións tomábanse por unanimidade.

Como organismos auxiliares estaban a Secretaría Xeral, que coordinaba a Asamblea e ó Consello, o Tribunal Internacional de Xustiza da Haia e a OIT e a OMS, de colaboración económica e humanitaria.

Ademáis de limitar o recurso a guerra, **se pretende acabar cos tratados secretos entre nacións e establecer unha política de relacións e acordos públicos entre os Estados.**

O organismo creouse no ano 1920, e durante os primeiros anos (1924-29), estivo constituído só polos países vencedores, e os neutrais, ata 1926 en que se incorpora Alemaña, mentres que Rusia (a URSS) non entrou ata 1934 por diferencias ideolóxicas. **Foron anos de prosperidade económica** (“felices anos vinte”), **que favoreceron as boas relacións internacionais.**

Nos anos 30, múltiples problemas dificultaron a eficacia deste organismo como a non participación de EEUU, e as agresións militares dos novos Estados totalitarios (Alemaña, Italia e Xapón), **ademáis da nula operatividade do Consello** que debía tomar as decisións por unanimidade. O inicio da 2ª guerra mundial foi o mellor exemplo do fracaso deste organismo que servirá de precedente a ONU.

AS CONSECUENCIAS DA GUERRA.

A 1ª guerra mundial trouxo conxigo unha serie de consecuencias que marcaron o futuro de Europa, **cun número desproporcionado de baixas nas fronteiras de guerra** (60% de franceses, 37% de británicos, 38% de austrohúngaros e 41% de alemáns) debido as novos medios armamentísticos utilizados, **falándose dun total de entre 9 e 10 millóns de mortos :**

-Consecuencias económicas: foron moi graves, xa que a pobreza era xeralizada, debido as **enormes destrucións provocadas polos combates que someteron ós civís a moitas privacións** (racionamento dos alimentos, inflación, fame, enfermidades, descenso demográfico...) e **inutilizaron a estrutura produtiva dos países en guerra** (cidades e vivendas arrasadas, vías de comunicación e campos de cultivo destruídos).

Xunto ás perdas materiais está tamén a **cuestión das débedas e das indemnizacións de guerra que afogaron a países como Alemaña nos seus intentos de recuperación económica**, e que impediron a Francia e a Gran Bretaña devolver os préstamos a EEUU ata ben avanzada a década dos vinte. **EEUU e Xapón convírtense nas grandes potencias mundiais desbancando ós países europeos afectados pola guerra.**

O modelo liberal entra en crise, imponse o intervencionismo dos Estados na economía.

-Consecuencias sociais: fronte a pobreza dos cidadáns, **os negocios da guerra beneficiaron a certos especuladores** (fabricantes de armas), **empeorando o nivel de vida das clases medias e baixas** pola inflación e a baixada dos salarios, o que levou a un **aumento do descontento social na Europa da posguerra** (folgas, movementos revolucionarios).

A muller vai ter cada vez un papel social máis importante polo descenso da poboación activa masculina, o que implica unha **maior presenza na vida laboral que lle vai permitir a adquisición de dereitos políticos** como o voto e a participación na vida política.

Creación de grupos de excombatentes, moi activos en Alemaña e Italia, **que se constituirán en grupos paramilitares defensores da orde pública** ("*os salvadores da patria*" fronte ás revoltas obreiras).

-Consecuencias políticas: xunto a fragmentación dos Imperios en múltiples estados nacionais e o aumento de conflitos nas fronteiras deses novos estados, cabe destacar a **implantación neles de réximes liberais-democráticos, acabando cos sistemas autoritarios das vellas dinastías centroeuropeas** (Romanov, Habsburgo..). Pero xunto as novas repúblicas democráticas **aparecen tamén na Europa do Leste algúns réximes autoritarios dirixidos por militares** (Hungría, Polonia, Turquía).

O triunfo da Revolución bolxevique en 1917 e das ideas comunistas na URSS, preocupa as potencias vencedoras, polo perigo do posible "*contaxio revolucionario*" entre as masas obreiras de Europa Occidental.

-